

Circular informativa do grupo de traballo de Economía da Empresa

Estimados/as profesores/as,

Co obxecto de aclarar posibles dúbidas relativas á proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade correspondente a 2017, o grupo de traballo desexa trasladar por medio da presente circular a seguinte información sobre a materia de Economía da Empresa.

Primeiro, na delimitación de contidos que figuran nas Orientacións Básicas que publica o grupo de traballo tívose en conta o establecido na normativa estatal e autonómica, en particular, a Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro, o anexo I do Real Decreto 1105/2014 de 26 de decembro e o Decreto 86/2015, de 25 de xuño.

Segundo, na medida en que o modelo de exame (estrutura, número e tipo de preguntas) ata agora vixente axústase ao establecido na citada normativa, mantense o devandito modelo así como os criterios de avaliación.

Terceiro, dado que as orientacións básicas publicadas o pasado curso non contradicen o establecido na normativa vixente e tendo en conta a altura de curso na que se facilita esta información, o grupo de traballo considera oportuno alterar o mínimo posible ditas orientacións.

Máis especificamente, os aspectos máis destacables a ter en conta son os seguintes:

- Os contidos das Orientacións Básicas elaboradas polo grupo de traballo para 2017 estrutúranse seguindo a denominación e ordenación dos bloques que figura no curriculum de bacharelato publicado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (por exemplo, os aspectos fiscais, recolócanse no bloque 6 donde se fai referencia á fiscalidade empresarial)
- **Non se engade ningún contido novo** que non estivese incluído nas orientacións básicas do curso pasado.
- No que respecta a contidos específicos que figuraban ata agora nas orientacións básicas, **o único cambio** relevante é que nas probas correspondentes ás convocatorias de 2017 non se esixirá o cálculo da TIR nos problemas de valoración e selección de investimentos. Por tanto, neste tipo de casos prácticos, unicamente se pedirá a aplicación dos métodos do prazo de recuperación e do valor actual neto. (Nota: o grupo de traballo tomou esta decisión á luz das dúbidas que podería xerar a interpretación da redacción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis pola que se optou nas disposicións normativas máis arriba mencionadas)

Finalmente, nas novas orientacións incorpórase unha nota a título de recordatorio sinalando que todas as cuestións que son obxecto de casos prácticos tamén son susceptibles de ser avaliáveis nas preguntas curtas ou na pregunta de desenvolvemento.